Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data 23 de abril de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Réxime Interior, Contratación e Desenvolvemento Económico de data 23 de abril de

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

2026 (CVD: NMnxjGHDXH5El3Yjx5Ga), que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

***Acceso á videoacta* – 01:22:57 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

***Acceso á videoacta* – 01:23:00 horas**

A Sra. alcaldesa intervén e manifesta que hai varias mocións traídas por UxC e polo PSdeG-PSOE.

A) *Acceso á videoacta* – 01:23:08 horas

A Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal de UxC para instar á Xunta de Galicia a desenvolver as ofertas públicas de emprego e a elaboración das listas de interinos para substitucións dos concellos de Galicia, e concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, co fin de que xustifique a urxencia.

O Sr. Mallo Castro expón que a urxencia é porque, entre outros concellos, o Concello de Cambre adolece dunha falta de persoal moi importante como lembran continuamente os membros do Goberno; que polo tanto entenden que é de máxima urxencia poder chegar a estes acordos e que a Xunta colabore ou desenvolva as ofertas públicas de emprego.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 202699900002528 o día 24 de abril de 2026, que transcrita di:

«CAMBRE INSTA Á XUNTA DE GALICIA A DESENVOLVER AS OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO E A ELABORACIÓN DAS LISTAS DE INTERINOS PARA SUBSTITUCIÓNS DOS CONCELLOS DE GALICIA

Vista a dificultade que teñen moitos concellos para cumprir en prazo cos procedementos das ofertas públicas de emprego, tal e como pasou en Cambre o pasado ano 2025 cando caducaron dúas prazas, unha de axente de protección civil e outra de bibliotecario por non ser capaces de desenvolver en tempo e forma o procedemento.

Vista tamén as dificultades que concellos como Cambre teñen para ter actualizadas as listas de interinos para todos os seus postos de traballo e tamén a situación na que se atopan unha vez elaboradas, onde chegan a acceder persoas sen experiencia no sector público que leva consigo un período de adaptación e formación que lonxe está de cumprir as esixencias da administración pública.

Vista a situación de Cambre, onde a falta de persoal á que alude constantemente o goberno, está lastrando o servizo á veciñanza e tendo en conta que estes procesos de selección precisan da participación de funcionarios e funcionarias do propio concello que teñen que deixar de cumprir as súas funcións para participar nestes procesos selectivos.

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto que, no caso de Cambre, hai exemplos tan preocupantes como que un proceso para a creación dunha lista de interinos para postos A1 de administración xeral non saíron adiante por suspender todos/as os/as aspirantes en outubro de 2025 o que supón destinar moito tempo e dedicación para un traballo en balde, pois o obxectivo de ter unha lista para facer chamamentos segue sen cumprirse e está agora en proceso de novo ese procedemento dende o mes de febreiro de 2026.

Estes procesos longos ou sen resultados, novo persoal que se incorpora sen apenas formación e experiencia o que leva consigo un longo proceso de aprendizaxe que, no caso de contratacións por acumulación de tarefas (máximo 9 meses) cando están plenamente formados xa se teñen que ir, leva consigo unha perda económica e de recursos humanos tremenda que se afasta dos principios de eficacia e eficiencia que se lle entende á Administración Pública.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia recolle como reglas das relacións interadministrativas entre Comunidade Autónoma e concellos os principios de *"La cooperación y la coordinación"* e sinala no artigo 193: *"1. Las Entidades Locales gallegas y la Junta de Galicia adecuarán su actuación a los siguientes principios:*

a) *La lealtad institucional respecto al ejercicio de las competencias que correspondan a las demás Administraciones Públicas.*
b) *La colaboración, cooperación y auxilio que pudiesen precisar coyunturalmente para el eficaz cumplimiento de sus tareas."*

Sinala a lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público no seu artigo 141.1.d*) "Prestar, en el ámbito propio, la asistencia que las otras Administraciones pudieran solicitar para el eficaz ejercicio de sus competencias"* e engade, no artigo 141.2 *"La asistencia y colaboración requerida sólo podrá negarse cuando el organismo público o la entidad del que se solicita no esté facultado para prestarla de acuerdo con lo previsto en su normativa específica, no disponga de medios suficientes para ello o cuando, de hacerlo, causara un perjuicio grave a los intereses cuya tutela tiene encomendada o al cumplimiento de sus propias funciones o cuando la información solicitada tenga carácter confidencial o reservado. La negativa a prestar la asistencia se comunicará motivadamente a la Administración solicitante."*

Dous eixos fundamentais para que a Xunta, mediante a dita cooperación, axude aos concellos que así o desexen a convocar e desenvolver as súas ofertas públicas de emprego así como a ter listas actualizadas con persoal que pode traballar e ir adquirindo experiencias polos distintos concellos de Galicia como fai, por exemplo, coas listas de substitución dos funcionarios habilitados nacionais o como foi cos procedementos da Axencia Galega de Seguridade para cubrir os postos de policía local en Galicia.

Neste momento, no que se está a debater a nova Lei de Administración Local na que a Xunta de Galicia abre a posibilidade de novas fórmulas de colaboración e cooperación entre administración e así o establece no artigo 157 do anteproxecto de lei que sinala: *"Las entidades locales podrán establecer mecanismos de colaboración entre sí, así como con otras administraciones públicas, con el fin de garantizar la prestación eficaz y sostenible de los servicios públicos de competencia local, promover el desarrollo territorial equilibrado y optimizar los recursos disponibles mediante la cooperación institucional".*

Precisamente esa colaboración interadministrativa debería ampliarse á colaboración e cooperación da Xunta cos concellos en materia de persoal igual que o están a facer coa Policía Local na Axencia Galega de Seguridade para garantir que todos os procedementos son iguais en todos os concellos, con criterios homólogos e garantindo así á imparcialidade de todos os procedementos. Non pode ser que haxa concellos nos que é doado aprobar un exame e outros nos que non aproba ninguén.

Dende o momento que a Xunta recolle esta posibilidade na que o concello ten a postedade de adherirse ou non a eses procedementos, acadarase unha axilización no procedemento ao poder convocar ao tempo procedementos amplos que dean a posiblidade de cubrir postos de oferta pública de emprego iguais en diferentes concellos á vez, conseguir listas máis amplas, con maior rotatividade e, polo tanto, con persoal cada vez máis formado e con maior experiencia para cubrir as baixas de persoal de forma interina nos concellos galegos.

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo as atribucións que ten conferidas o pleno en virtude do artigo 22 da Lei 7/1985 , de 2 de abril reguladora das bases do réximen local e no artigo 63 do Regulamento orgánico municipal proponse ao pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a incluir entre as súas liñas de colaboración e cooperación cos concellos o desenvolvemento dos procesos de provisión de postos das ofertas públicas de emprego

2. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver os procedementos de selección de persoal para listas de substitucións de todos os postos para as entidades locais de Galicia igual que vén facendo cos postos de habilitación nacional e de Policía Local para os concellos adheridos

3. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia

4. Dar traslado deste acordo plenario á Federación Galega de Municipios e Provincias.»

Interveñen o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, quen propón modificar e ampliar os puntos dos acordos a adoptar nos seguintes termos:

"ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a incluir dentro dos mecanismos de cooperación voluntaria coa FEGAMP o desenvolvemento de procesos de provisión de postos das ofertas públicas de emprego das entidades locais de Galicia.

2. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver procedementos de selección para a elaboración de listas de persoal interino dos concellos de Galicia, garantindo a participación das entidades locais na definición dos perfís profesionais, e respectando en todo caso a autonomía organizativa e competencial dos concellos.

3. Establecer que a adhesión dos concellos a estes mecanismos de colaboración será en todo caso voluntaria e reversible, garantindo a plena autonomía municipal na xestión do seu persoal.

4. Garantir que as actuacións de cooperación previstas nesta moción non supoñan en ningún caso unha mingua de autonomía técnica, organizativa e de xestión dos concellos, nin dos seus empregados públicas.

5. Instar á Xunta de Galicia a que estas medidas se acompañen dun financiamento suficiente para as entidades locais, no marco do fortalecemento do Fondo de Cooperación Local, que permita dotar aos concellos dos recursos humanos e materiais necesarios para a correcta prestación dos servizos públicos.

6. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias."

Interveñen a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, coa modificación dos acordos anteriormente transcrita, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Abtencións: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, polo que devén en acordo quedando a parte dispositiva redactada nos seguintes termos:

"**ACORDO:**

1. Instar á Xunta de Galicia a incluir dentro dos mecanismos de cooperación voluntaria coa FEGAMP o desenvolvemento de procesos de provisión de postos das ofertas públicas de emprego das entidades locais de Galicia.

2. Instar á Xunta de Galicia a desenvolver procedementos de selección para a elaboración de listas de persoal interino dos concellos de Galicia, garantindo a participación das entidades locais na definición dos perfís profesionais, e respectando en todo caso a autonomía organizativa e competencial dos concellos.

3. Establecer que a adhesión dos concellos a estes mecanismos de colaboración será en todo caso voluntaria e reversible, garantindo a plena autonomía municipal na xestión do seu persoal.

4. Garantir que as actuacións de cooperación previstas nesta moción non supoñan en ningún caso unha mingua de autonomía técnica, organizativa e de xestión dos concellos, nin dos seus empregados públicas.

5. Instar á Xunta de Galicia a que estas medidas se acompañen dun financiamento suficiente para as entidades locais, no marco do fortalecemento do Fondo de Cooperación Local, que permita dotar aos concellos dos recursos humanos e materiais necesarios para a correcta prestación dos servizos públicos.

6. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias."

B) ***Acceso á videoacta*** **– 01:48:22 horas**

A continuación, a Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal de UxC para instar á Xunta de Galicia a elaborar un modelo de pregos técnicos e de cláusulas administrativas para as licitacións públicas, e concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, co fin de que xustifique a urxencia.

O Sr. Mallo Castro expón que a urxencia vén motivada porque hai moitos concellos, entre eles o de Cambre, que ten dificultades para sacar adiante os pregos de cláusulas administrativas, os pregos técnicos de moitas licitacións e estas van logo moi apuradas no tempo, incluso nalgún pode chegar a perderse; que entenden que unha colaboración interadministrativa axudaría neste particular.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 202699900002528 o día 24 de abril de 2026, que transcrita di:

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

«CAMBRE INSTA Á XUNTA DE GALICIA A ELABORAR UN MODELO DE PREGOS TÉCNICOS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA AS LICITACIÓNS PÚBLICAS

Vistos os recursos dos que dispón a Xunta de Galicia en materia de contratación e o mermados que están estes departamentos en moitos concellos de Galicia.

Vista a disparidade de criterios establecidos nos diferentes concellos á hora de cumprir coa Lei de contratos do sector público onde uns utilizan sen problemas os contratos menores, outros non teñen problema en licitar con axilidade as licitacións máis complexas e outros, como Cambre, case lle é imposible licitar nada pola disparidade de criterios entre os técnicos municipais e os postos de habilitación nacional.

Visto que o modelo que emprega a Deputación da Coruña para a contratación das obras do Plan de Obras e Servizos funciona ben, ao establecer eles un modelo de prego que teñen que empregar os concellos movéndose todos por criterios similares.

Visto que a Xunta de Galicia dispón de medios técnicos suficientes para elaborar modelos de prego para as diferentes licitacións de obras, servizos e subministracións, así como os pregos de cláusulas administrativas, que sirvan de modelo sobre o que traballar todas as administracións locais que así o desexen.

Visto que os modelos tipo acabarían coa discreción que hai actualmente en función das normas que establezcan uns/unhas funcionarios/as ou outros, o que redundaría, sen lugar a dúbidas, en gañar axilidade e efectividade na administración pública.

Vista a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia recolle como reglas das relacións interadministrativas entre Comunidade Autónoma e Concellos os principios de *"La cooperación y la coordinación"* e sinala no artigo 193: *"1. Las Entidades Locales gallegas y la Junta de Galicia adecuarán su actuación a los siguientes principios:*

a) *La lealtad institucional respecto al ejercicio de las competencias que correspondan a las demás Administraciones Públicas.*
b) *La colaboración, cooperación y auxilio que pudiesen precisar coyunturalmente para el eficaz cumplimiento de sus tareas."*

Cabe sinalar tamén que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público no seu artigo 141.1.d*) recolle: "Prestar, en el ámbito propio, la asistencia que las otras Administraciones pudieran solicitar para el eficaz ejercicio de sus competencias"* e engade, no artigo 141.2 *"La asistencia y colaboración requerida sólo podrá negarse cuando el organismo público o la entidad del que se solicita no esté facultado para prestarla de acuerdo con lo previsto en su normativa específica, no disponga de medios suficientes para ello o cuando, de hacerlo, causara un perjuicio grave a los intereses cuya tutela tiene encomendada o al cumplimiento de sus propias funciones o cuando la información solicitada tenga carácter confidencial o reservado. La negativa a prestar la asistencia se comunicará motivadamente a la Administración solicitante."*

Neste momento, no que se está a debater a nova Lei de administración local na que a Xunta de Galicia abre a posibilidade de novas fórmulas de colaboración e cooperación entre administración e así o establece no artigo 157 do anteproxecto de lei que sinala: *"Las entidades locales podrán establecer mecanismos de colaboración entre sí, así como con otras administraciones públicas, con el fin de garantizar la prestación eficaz y sostenible de los servicios públicos de competencia local, promover el desarrollo territorial equilibrado y optimizar los recursos disponibles mediante la cooperación institucional".*

Precisamente esa colaboración interadministrativa debería ampliarse á colaboración e cooperación da Xunta cos concellos en materia de contratación pública, garantindo uns modelos o máis asépticos posibles, con total garantía de cumprimento da Lei de contratos do sector público e facilitando que esa obriga que todas as Administracións Públicas teñen de ter en vigor todos os contratos de servizos, obras ou subministracións sexa práctica habitual nun escenario no que, por desgraza, os contratos en precario son o día a día dos concellos galegos.

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo as atribucións que ten conferidas o Pleno en virtude do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 63 do Regulamento orgánico municipal proponse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a elaborar modelos estandarizados de pregos técnicos e de claúsulas administrativas para contratos de subministracións, obras e servizos.

2. Instar á Xunta de Galicia a poñer á disposición dos concellos galegos os ditos modelos para poder facer uso deles.

3. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia.

4. Dar traslado deste acordo plenario á Federación Galega de Municipios e Provincias.»

(Cando son as doce horas e cincuenta e un minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei, quen se reincorpora ao salón cando son as doce horas e cincuenta e dous minutos)

Interveñen o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, quen propón modificar e ampliar os puntos dos acordos a adoptar nos seguintes termos:

"**ACORDO:**

1. Instar á Xunta de Galicia a elaborar, en consenso e colaboración coa FEGAMP, modelos estandarizados de pregos técnicos e de claúsulas administrativas para contratos de subministracións, obras e servizos, garantindo que estes respecten a autonomía organizativa das entidades locais.

2. Instar á Xunta de Galicia a poñer á disposición dos concellos galegos os ditos modelos, así como o asesoramento técnico necesario para a súa implementación, sen que iso supoña unha mingua nas facultades de decisión e control dos órganos de goberno municipais.

3. Instar á Xunta de Galicia a que esta asistencia técnica se enmarque nun modelo de cooperación leal que inclúa a dotación de recursos económicos suficientes a través do Fondo de Cooperación Local, asegurando que a estandarización administrativa vaia acompañada da suficiencia financeira necesaria para imputar as ditas licitacións.

4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias."

Interveñen a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, coa modificación dos acordos anteriormente transcrita, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Votos en contra: Ningún (0).

Abtencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, polo que devén en acordo quedando a parte dispositiva redactada nos seguintes termos:

"**ACORDO:**

1. Instar á Xunta de Galicia a elaborar, en consenso e colaboración coa FEGAMP, modelos estandarizados de pregos técnicos e de claúsulas administrativas para contratos de subministracións, obras e servizos, garantindo que estes respecten a autonomía organizativa das entidades locais.

2. Instar á Xunta de Galicia a poñer á disposición dos concellos galegos os ditos modelos, así como o asesoramento técnico necesario para a súa implementación, sen que iso supoña unha mingua nas facultades de decisión e control dos órganos de goberno municipais.

3. Instar á Xunta de Galicia a que esta asistencia técnica se enmarque nun modelo de cooperación leal que inclúa a dotación de recursos económicos suficientes a través do Fondo de Cooperación Local, asegurando que a estandarización administrativa vaia acompañada da suficiencia financeira necesaria para imputar as ditas licitacións.

4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias."

***Acceso á videoacta* – 02:04:36 horas**

A Sra. alcaldesa intervén e manifesta que a seguinte moción que presenta UxC, moción en defensa da boa xestión do Rexistro municipal, non vai ser tratada como tal, xa que non ten o carácter de moción, por non conter ningunha proposta de acordo, senón que se achega unha documentación sobre unha serie de cuestións, e pregunta á voceira de UxC se quere ou valora pasalo a un rogo.

Concedido o uso da palabra á voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, manifesta que cre que pediron non sabe cantos meses hai que se lles faga un informe para explicar ben que é unha moción, porque unha cousa son as mocións resolutivas, e outra cousa son as mocións dos grupos municipais onde se fiscaliza o labor do goberno; que aquí o que están a dicir é que o Rexistro municipal está funcionando mal, e por un caso moi concreto; que a alcaldesa di que non hai unha proposta de actuación, que se quere lle cambia e que a proposta de actuación é que o Concello de Cambre, o goberno de Cambre, se comprometa ao bo funcionamento do Rexistro municipal.

Intervén a Sra. alcaldesa e di que non se vai tratar como moción, xa que esta é unha solicitude de información; que ela dálle a posibilidade de trasladalo ou presentalo como rogo, e que isto foi contestado antes de comezar o pleno, que teñen a resposta a esta decisión; que se queren e valoran presentalo como rogo, iso é decisión deles.

A voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, manifesta que agradece que fora respostado hoxe, antes do pleno, que grazas pola transparencia e a comunicación; que evidentemente non o van cambiar como rogo e que iso

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

si, van proceder como corresponde e solicitar a instancias superiores, esa palabriña que usa moito a concelleira do PP, se teñen dereito ou non a facer esta moción.

A Sra. alcaldesa manifestalle que pode tomar as medidas que considere en defensa dos seus intereses.

C) ***Acceso á videoacta*** **– 02:06:31 horas**

A continuación, a Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre a parálise das subvencións ao tecido asociativo do Concello de Cambre, e concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, co fin de que xustifique a urxencia.

A Sra. Prieto Lamas expón que a urxencia desta moción é que se ten que debater xa; que o mes pasado non se lles permitiu presentala porque non era unha moción, era un rogo, unha característica que teñen agora; di que a urxencia é evidente, que levan dende o 2023 sen convocatoria de subvencións e que seguen sen resolverse as anteriores, polo que cren que é urxente traer esta moción aquí agora.

(Cando son as trece horas e oito minutos auséntase do salón de sesións a concelleria Sra. Díaz Baldomir)

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Vinte (20), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Unha (1), da Sra. Díaz Baldomir, ao terse ausentado do salón de sesións antes da votación.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a urxencia.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Rodríguez López, quen dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 202699900002594 o día 27 de abril de 2026, que transcrita di:

«**MOCIÓN SOBRE A PARÁLISE DAS SUBVENCIÓNS AO TECIDO ASOCIATIVO DO CONCELLO DE CAMBRE**

Presentase esta moción ao Pleno do 26 de marzo de 2026 de acordo co Regulamento Orgánico Municipal, no artigo 122 e 125, dentro do Título IV “Do funcionamento dos órganos de Goberno”, Capítulo I “Funcionamento do Pleno”, Sección 4ª “Do control e fiscalización polo Pleno da actuación dos demais órganos de goberno”.

Artigo 122

“1.– De conformidade co establecido no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, correspóndelle ao Pleno, como atribución non delegable, o control e a fiscalización dos órganos de goberno.

O devandito control e fiscalización exercerase a través dos seguintes medios: a) Coñecemento das resolucións ditadas polo alcalde, ou en virtude de delegación, polos concelleiros delegados, desde a última sesión plenaria ordinaria. b) Formulación de rogos e preguntas. c) Formulación de mocións. d) Requirimento de presenza para información e formulación de preguntas de membros corporativos que ostenten delegación. e) Debate sobre a

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

actuación da Comisión de Goberno. f) Moción de censura ao alcalde."

Artigo 125

"1.– De conformidade co establecido no artigo 46.2 letra e) da Lei 7/1985, segundo a nova redacción dada pola Lei 11/1999, nos plenos ordinarios, dentro da parte dedicada ao control dos demais órganos da Corporación, garantirase de xeito efectivo a formulación de rogos, preguntas e mocións.

2.– Enténdese por moción non resolutiva, a proposta presentada por un ou varios grupos políticos, ou por un concelleiro, no seu caso, para que o Pleno formule unha declaración ou manifeste a súa posición política en relación cun tema de interese municipal ou xeral, relativo ou non ás materias enumeradas nos artigos 25, 26 e 28 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local".

O Grupo Municipal Socialista quere deixar constancia de que esta iniciativa foi presentada en tempo e forma o pasado 20 de marzo, co obxectivo de ser debatida no pleno ordinario.

Porén, a Presidencia do Pleno, seguindo criterio técnico de Secretaría, non incluíu a iniciativa na orde do día ao considerar que determinados acordos implican instar á actuación do goberno municipal, entendendo que neste caso debería tramitarse como rogo e non como moción.

Sen compartir esta interpretación, e entendendo que se trata dunha moción de carácter político e non executivo conforme ao artigo 125 do ROM, o Grupo Municipal Socialista mantén a defensa do fondo da iniciativa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tecido asociativo do Concello de Cambre —especialmente as entidades culturais, deportivas e sen ánimo de lucro — constitúe un elemento esencial para a vida social, a participación veciñal e a dinamización do municipio.

Nos últimos anos consolidouse unha situación de parálise na política municipal de subvencións, caracterizada pola ausencia de convocatorias desde 2023 e pola falta de resolución das axudas correspondentes aos exercicios 2022 e 2023.

Transcorrido xa un período prolongado de xestión municipal, non se teñen adoptado medidas efectivas que permitan normalizar esta situación nin establecer un marco estable de apoio ao tecido asociativo.

As expectativas xeradas en materia de apoio ás entidades contrastan coa realidade actual, na que non existen novas convocatorias nin un calendario claro de actuación.

Esta situación evidencia unha falta de planificación e unha desconexión coa realidade das entidades, que manteñen a actividade social do municipio sen o respaldo económico necesario.

ACORDOS

Primeiro. O Pleno do Concello de Cambre manifesta a súa preocupación pola ausencia de convocatorias de subvencións municipais desde o ano 2023, así como pola falta de resolución das axudas correspondentes aos exercicios 2022 e 2023.

Segundo. O Pleno constata que esta situación supón unha parálise na política municipal de apoio ao tecido asociativo, con impacto directo na actividade, programación e viabilidade das entidades culturais, deportivas e sen ánimo de lucro.

Terceiro. O Pleno considera que o apoio ao tecido asociativo debe constituír un elemento estrutural da acción municipal, pola súa relevancia social e comunitaria.

Cuarto. O Pleno pon de manifesto a diferenza entre a capacidade do Concello para captar financiamento externo e a

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

ausencia de normalidade na convocatoria de subvencións locais ás entidades do municipio.

Quinto. Dar traslado do presente acordo ás asociacións do Concello de Cambre.»

(Cando son as trece horas e dez minutos reincorpórase ao salón de sesións a concelleria Sra. Díaz Baldomir, e auséntase do salón a concelleira Sra. Varela Germade, que se reincorpora cando son as trece horas e doce minutos)

(Cando son as trece horas e doce minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Castro Uzal)

Intervén a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

(Cando son as trece horas e catorce minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Castro Uzal, e auséntase do salón o concelleiro Sr. Lamela Vázquez)

Intervén o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez.

(Cando son as trece horas e dezasete minutos reincorpórase ao salón de sesións o Sr. Lamela Vázquez)

Interveñen a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcadesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, coa modificación na redacción do acordo primeiro e cuarto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abtencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que devén en acordo quedando a parte dispositiva redactada nos seguintes termos:

"**Primeiro.** O Pleno do Concello de Cambre manifesta a súa preocupación pola ausencia de convocatorias de subvencións municipais desde o ano 2023, así como pola falta de resolución das axudas correspondentes ao exercicio 2023.

Segundo. O Pleno constata que esta situación supón unha parálise na política municipal de apoio ao tecido asociativo, con impacto directo na actividade, programación e viabilidade das entidades culturais, deportivas e sen ánimo de lucro.

Terceiro. O Pleno considera que o apoio ao tecido asociativo debe constituír un elemento estrutural da acción municipal, pola súa relevancia social e comunitaria.

Cuarto. O Pleno pon de manifesto a ausencia de normalidade na convocatoria de subvencións locais ás entidades do municipio, e a necesidade de convocar as subvencións deste ano 2026.

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Quinto. Dar traslado do presente acordo ás asociacións do Concello de Cambre."

D) ***Acceso á videoacta*** **– 02:22:53 horas**

A continuación, a Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a defensa do municipalismo galego e a reformulación do anteproxecto da Lei de administración local de Galicia, e concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, co fin de que xustifique a urxencia.

A Sra. Prieto Lamas expón que a urxencia desta moción está máis que xustificada polo momento político e institucional no que se atopan; que o anteproxecto da lei de administración local de Galicia atópase nunha fase inicial pero decisiva, na que aínda é posible influír no seu contido e evitar que saia adiante sen o necesario debate e consenso.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Rodríguez López, quen dá lectura á moción rexistrada de entrada ao núm. 202699900002594 o día 27 de abril de 2026, que transcrita di:

- Proposta relativa á designación de director de obra e responsable do contrato da obra *"Ordenación y urbanización espacio público en el entorno del apeadero de Cecebre"*. Expediente número 2024/C003/000006 - Proposta relativa á designación de director de obra e responsable do contrato da obra "Mellora do parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez". Expediente número 2024/C003/000004
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 23 de abril de 2026
- Adxudicación do "Servizo de organización e realización da XVII Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre. 2026". Expediente número 2025/C004/000014

4.3. ROGOS

***Acceso á videoacta* – 02:39:30 horas**

ROGOS DE UXC PRESENTADOS POR ESCRITO E ORALMENTE

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900002590 o día 27 de abril de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:39:51 horas**

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

"O 29.10.2025 a alcaldesa de Cambre asinou unha instrución sobre a aplicación do Regulamento de produtividade que modifica parte do acordo plenario polo que se aprobou este regulamento municipal.

Visto que con data 17.11.2025, a representación sindical da CIG presentou por rexistro escrito solicitando deixar sen efecto a dita instrución por considerarse ilegal ao vulnerar as leis 7/1985 e 39/2015 así como o Estatuto básico do empregado público.

Visto que nas comisións da pasada semana a alcaldesa explicou que a lei dálle tres meses para responder aos escritos presentados e visto que a día de hoxe non se contestou e entendendo que o silencio administrativo neste caso é negativo.

Rogamos se deixe sen efecto a dita instrución por considerar que compete ao pleno calquera modificación do Regulamento de productividade e de querer modificarse se tramite o correspondente expediente de modificación e se traia a debate e votación ao pleno que é o que ten a competencia para aprobalo."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén a Sra. Pan Lesta.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:47:02 horas**

Lee o rogo o Sr. Barrientos Morales.

"Visto que non deixan de chegarnos rumores de que a mellora do campo de fútbol de Lendoiro vaise levar a cabo este verán e que só falta un papel para que poidan empezar as obras.

Tendo en conta que dende o goberno se nos asegurou nunha reunión de orzamentos que esa obra, cuxo proxecto elaborado durante o goberno de UxC foi revisado para poñelo ao día en canto ao seu custo actual e que a obra irá a suplemento de crédito, unha vez se faga a liquidación do orzamento de 2025, que polo de agora aínda non foi a pleno e estamos rematando abril.

Tendo en conta que, trala aprobación do suplemento en pleno, aínda habería que sacar a licitación a obra para adxudicar, rogamos á Sra. alcaldesa que clarifique publicamente este tema para que teñamos todos a mesma información (sería preciso aclarar que papel é o que falta para levar a cabo á obra, se está rematada xa a revisión e nova valoración do proxecto, cando se vai aprobar o suplemento de crédito, cando se van licitar as obras e cando ten previsto que comecen as obras do campo de fútbol de Lendoiro)

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén a Sra. Pan Lesta.

3º rogo (presentado oralmente) - ***Acceso á videoacta*** **– 02:49:27 horas**

A Sra. Pan Matos formula o seguinte rogo:

Visto que o pasado luns 27 de abril celebrouse consello escolar no CEIP Portofaro ao que non asistiu ningún representante do goberno local, e visto que tal e como se lles comunicou por parte dun pai de alumno, representante no dito centro, falouse dos escritos enviados solicitando unha serie de melloras que aínda non foron atendidas. Solicitudes entre as que destaca sobre todo a necesidade de actuación de

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

mantemento no pavillón cuberto, onde as láminas están suxeitas provisionalmente con bridas e precisan dunha actuación urxente, e onde as vigas de madeira empezan a pudrir por falta de actuación.

Sobre este tema foron enviados comunicados ao concello en data 29.10.2025, 02.12.2025, 21.01.2026 e 03.02.2026, sen que a día de hoxe se recibira resposta, nin se fixera actuación ningunha. A esta necesidade imperiosa súmase, por exemplo, a necesidade de ou ben afrontar os arranxos menores que xurden no día a día, como poden ser arranxar unha cisterna, ou ben cando as ditas reparacións son asumidas polo conserxe do centro, asumir o pago das correspondentes horas que dedica a eses traballos que aínda non sexan da súa función.

Di que son actuacións necesarias e imprescindibles que afronta para o bo funcionamento do concello, paliando así a ausencia de solucións por parte do goberno local que tampouco actuou ante a rotura do cristal da porta do colexio, que acabou asumindo o propio centro.

Cabe lembrar que xunto coas actuacións que corresponden ao concello están as que a Xunta comprometeu de forma oral para este verán, como son o canlón e o arranxo dos tubos da rede de sumidoiros que pasan por debaixo do edificio escolar, e que están a provocar importante problemas. Di que por todo isto rogan á alcaldesa de Cambre que dea resposta inmediata aos problemas formulados, responda en tempo e forma ás solicitudes que fan os colexios de Cambre, e que inste á Xunta de Galicia a que faga efectivos os compromisos orais adquiridos, para executalos ao longo deste verán do 2026.

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen a Sra. Pan Matos, a Sra. alcaldesa e a Sra. Pan Lesta.

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900002594 o día 27 de abril de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:54:19 horas**

Lee o rogo a Sra. Parcero Quiñoy.

“No lugar da Igrexa, en Cela, atopámonos cunha estrada especialmente estreita, na que o cruzamento de vehículos resulta moi complicado. A situación actual xera continuas dificultades para a circulación, obriga a realizar manobras forzadas e supón un risco evidente para a seguridade viaria, tanto para quen conduce como para as persoas que transitan pola zona.

Subir ou baixar por este tramo convértese, literalmente, nun problema constante cando coinciden dous vehículos, algo que sucede con frecuencia.

Por iso, consideramos necesario actuar e ordenar o tráfico neste punto mediante unha sinalización clara que estableza a prioridade de paso e evite situacións de perigo.

Rogamos, por tanto, que se instale un sinal de prioridade respecto do sentido contrario no lugar da Igrexa, en Cela, concretamente no tramo comprendido entre a vía do tren e a senda peonil, o máis axiña posible.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:55:46 horas**

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

«Desde este grupo municipal, somos plenamente conscientes das necesidades de persoal que atravesan diversas áreas deste Concello e entendemos que a colaboración entre departamentos é fundamental para o bo funcionamento da administración. Con todo, observamos con preocupación que o persoal técnico adscrito á Axencia de Desenvolvemento Local (ADL) está a asumir unha carga de tarefas externas tan elevada que está a provocar un "efecto dominó" altamente prexudicial para o noso concello.

Non pedimos que cese o apoio puntual a outros departamentos, pero si rogamos que se estableza unha planificación consensuada e equilibrada que impida que o auxilio a outras áreas supoña o desmantelamento das funcións propias da ADL.

É urxente que non se desatenda o que leva consigo este departamento: a xestión de subvencións vitais para o municipio e, especialmente, a atención ao comercio de Cambre, que actualmente se atopa nunha situación de total parálise e inexistencia de iniciativas.

Rogamos, por tanto, que se organice o traballo de forma que a necesaria colaboración interdepartamental non sexa a costa de deixar aos nosos comerciantes sen interlocución nin apoio técnico.»

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Intervén a Sra. Pan Lesta.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:58:04 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

“O pasado 23 de abril, no marco das comisións informativas, todos os grupos da oposición fomos unánimes ao trasladar unha petición que non admite máis dilacións nin máis escusas: a incorporación inmediata de persoal na recepción de Servizos Sociais.

Naquel momento, este equipo de goberno respondeunos con boas palabras, asegurando que este asunto era unha prioridade absoluta e que compartían a urxencia de solucionar o desamparo que sofren os veciños ao chegar ás dependencias. Con todo, comprobamos que as súas promesas non son máis que papel mollado porque hoxe, luns 27 de abril, a realidade é que alí non hai ninguén e a entrada segue baleira. É inadmisible que un departamento tan sensible funcione baixo este desgoberno, obrigando aos técnicos a interromper as súas consultas para facer tarefas de recepción, o que supón unha xestión nefasta que colapsa o servizo e falta ao respecto tanto aos profesionais como aos veciños.

Xa non estamos ante un rogo, senón ante unha esixencia firme porque nos parece unha burla que nos digan que algo é importantísimo nunha comisión e logo non movan un só dedo para executalo.

Esixímoslles que deixen de tomarse de broma a atención aos máis vulnerables e que deixen de xestionar este concello cunha desidia que xa resulta insultante. Cumpran coa súa palabra hoxe mesmo, doten de persoal esa entrada e demostren, por unha vez, que os Servizos Sociais impórtanlles algo máis que para cubrir o expediente nos titulares, porque a paciencia dos veciños e desta oposición esgotouse ante a súa absoluta falta de capacidade e de rigor.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen a Sra. Prieto Lamas, a Sra. Díaz Baldomir, o Sr. Vázquez Pérez, a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. Lauda Fernández.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO E ORALMENTE

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900002589 o día 27 de abril de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:18:26 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

"Como preámbulo do noso primeiro rogo, quixera facer unha mención ao que significa CULTURA: Conxunto complexo de coñecementos, crenzas, valores, costumes e hábitos adquiridos polo ser humano como membro da sociedade. Abrangue os modos de vida e desenvolvemento artístico, científico e os trazos distintivos materiais ou espirituais que caracterizan a un grupo social. Dentro disto, na cultura popular as tradicións, folclore e expresións artísticas propias dun pobo.

A cultura non se adquire, senón que se aprende, é propia dun grupo, non dun individuo, e cada sociedade ten a súa propia cultura específica.

Polo tanto, somos depositarios dun coñecemento antigo, e temos a responsabilidade de transmitila e mellorala, sendo a lingua o que fai de base e o que distingue a uns pobos doutros nunha riqueza indiscutible.

Dito isto, sorprende como este patrimonio, por parte deste goberno municipal está minguando segundo pasan os meses, así como se deixou de lado polo anterior goberno municipal. A conto de qué? Cando todo o que estes gobernos entenden por cultura é unicamente festexos de orquestras e churrascos?

Non imos ser nós os que digamos que estes non estean ben, pero ter o foco unicamente posto neste tipo de proposta é ser miope, ou claramente consciente da deriva que se quere levar.

Dende o BNG xa fixemos propostas sinxelas neste sentido, pero fondas na repercusión que ao longo do tempo teñen: facer festivais con músicas e bailes de grupos da bisbarra que cun pequeno custo, fai que se xunte a xente a desfrutar o tempo que mantén a nosa cultura viva.

Dito isto, e despois de observar como dende a concellería de Cultura se abordan as datas culturais, algunha de xeito moi penoso como o do Día da muller, que foi un auténtico bochorno, e visto que o día do libro pasou sen pena nin gloria, nós concelleiras e concelleiro do BNG diante do vindeiro Día das letras galegas queremos propoñer o seguinte que SOLICITAMOS:

Que o día 17 de maio, sexa instalado un atril na parte exterior do concello convidando á cidadanía polos medios axeitados a que se sume á celebración de tan gozoso día, propoñendo ler textos na nosa lingua, todo iso no horario que se determine mellor para o acto. Así mesmo se valore dotar dunha pequena carpa e cadeiras, e se fose posible contar con algunha actuación musical acorde á data."

(Cando son as catorce horas e corenta e un minutos auséntase da sesión a interventora accidental, Sra. Machín Herranz)

A Sra. Espiñeira Galán contesta o rogo. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes, a Sra. Espiñeira Galán, a Sra. alcaldesa, o Sr. Barrientos Morales e a Sra. Prieto Lamas.

2º rogo (presentado oralmente) - ***Acceso á videoacta*** **– 03:28:01 horas**

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Sra. Prieto Miramontes di que elimina o rogo número 2 presentado por escrito e formula o seguinte rogo oral:

Di que este non é un rogo propio, que este é un rogo dunha nai desesperada, nai dun usuario de axuda a domicilio e que fai súas as palabras desa nai:

“Ola bos días.

A verdade é que non sei nin por onde empezar. Este é un grito desesperado, é un grito de desesperación dunha nai que ten un fillo de 25 anos con parálise cerebral e é un gran dependente. É un grito desesperado de todos os usuarios do servizo de Cambre de axuda a domicilio. Por desgraza necesitamos o servizo de axuda no fogar, que nos proporciona o Concello de Cambre con copago.

Tanto o concello como a empresa parecen non darse conta de que tratan con seres humanos, non tratan con mobles, nin cunha simple limpeza do fogar. Fai arredor de dous meses e medio cambiaron a empresa e as primeiras consignas ás súas traballadoras foron non vos impliquedes cos usuarios, non faledes con eles, non vos encariñedes e cousas polo estilo.

Se teñen un pouco de empatía ¿como non van interactuar con nós e cos usuarios? ¿como non vas interactuar e a ter certos sentimentos de amizade ou de aprecio a unha persoa na situación na que están os nosos familiares?, que me dá igual que sexa un neno con parálise cerebral, que sexa un ancián con alzeimer, son na súa maioría grandes dependentes ¿como non vas ter empatía?, e que se non o fas non podes traballar nese servizo.

Estas persoas son seres especiais, son persoas cunhas necesidades especiais, e entre elas está a continuidade das coidadoras e coidadores. Necesitan contactar con eles e sentir que os queren, sentir un sorriso amigo e unha charla banal. Para estas persoas un xesto de amabilidade, un sorriso, unha charla sobre o tempo é ouro. O que non necesitan é que unha persoa diferente, que veña cada día, que invada o teu fogar e a túa intimidade.

Algunhas destas persoas póñense moi nerviosos cos cambios, e iso é o que eu estiven intentando explicarlle á empresa e ao concello, que necesitamos unha persoa que veña con continuidade, que veña todos os días. Non somos números, non podemos estar abríndolle a porta do noso fogar cada día a unha persoa diferente. E poderían facelo se tiveran un pouco de empatía e quixeran. Ás veces sentimos que están violando a nosa intimidade, o noso fogar.

Falei coa encargada do servizo varias veces por wassap, falei co concello coa promesa de que estaba todo resolto, e o que está resolto é que cada día me mandan a unha persoa diferente, e Dani, que é un cielo, como a maioría dos usuarios, que é o meu fillo, ten que sufrir estes cambios na súa pel e eu na miña.

Levo dous días na cama cunha depresión, no que só me levanto para atendelo e para ir a buscalo á parada, estar toda a tarde con el e vólvome á cama porque non podo máis. Levo 25 anos loitando co meu fillo polos seus dereitos. 25 anos de loita diaria con el e con todos os estamentos que non nos entenden.

Non nos entenden porque non nos poden entender. Ninguén pode comprender unha situación como a que vivimos, con este desgaste diario, a non ser outra nai ou outro familiar nesta mesma situación. Estou falando de familiares, nais e pais de nenos con discapacidade, ou nais e pais con alzeimer ou grandes dependentes, que necesitan uns coidados as 24 horas do día os 365 días do ano.

É moi difícil poñerse na nosa pel, e xa é difícil só imaxinalo e pensar en todo o que estamos pasando, día a

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

día, sen descanso. Ou tes moita empatía ou non te podes facer nin idea do que isto supón a nivel físico e emocional, ata que un día te pasa.

Nin sequera os meus familiares poden saber a dor que supón ter un fillo nesta situación e ter que loitar contra cousas externas que aínda te complican máis a vida.

Só quero dicir que o meu fillo, nin ningún dos usuarios do servizo, son simples números, non son só un cuadrante nunha libreta, son moito máis que iso. Son seres humanos con dereitos, con dereitos sobre todo a que se lles trate con dignidade e cun pouco de empatía, así que, en vez de pensar en cantos céntimos se pode aforrar a empresa para que os traballadores fagan menos percorrido, pensen un pouco máis nos usuarios e póñanlles xente con continuidade, a mesma persoa que veña todos os días na medida do posible. Que se fixo no seu momento e pódese facer, só hai que ter gañas e pensar que isto non é un servizo máis.

Están traballando con persoas con vulnerabilidade, non con números. Agardo que recapaciten e reconsideren as súas actuacións.

Necesito compartir isto. Mil grazas."

A Sra. Prieto Miramontes di que cre que a eliminación do seu rogo, cre que todos ou moitos recibimos, por desgraza, esta chamada de auxilio desta nai e di que ela lle traslada á Sra. alcaldesa todo este texto para que lles dea unha resposta.

Interveñen a Sra. alcaldesa, a Sra. Pan Lesta, o Sr. Castro Uzal, a Sra. Pan Matos, a Sra. Espiñeira Galán, o Sr. Carballada Rodríguez e o Sr. Alcantarilla Rei.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:51:11 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

"Diante do estado da auga en varias zonas do noso concello, que se veñen repetindo dende hai anos, o BNG leva instando aos distintos gobernos municipáis de Cambre, que non só dean explicacións, senón solucións.

Lembremos que a veciñanza paga por un servizo útil, completo, máis este non se está dando, e non se minora a factura que se paga trimestralmente.

Nas derradeiras comisións informativas, de novo preguntamos cal era o motivo, e dende o goberno enviáusenos un informe? Feito pola empresa Augaservi onde se recoñece que hai chamadas avisando da turbidez da auga nas zonas que se surten do depósito de Bergondo. Faise unha comprobación o 14 de abril na entrada do dito depósito e constatan que sae turbia e cun nivel de 2mg/l (non din de qué) recoñecendo que é moi elevado. Así mesmo din que contactaron con Emak, respostando estes que non teñen constancia de ningunha incidencia.

Augaservi, informa que Oleiros e Sada tamén tiveron queixas pola turbidez da auga.

Constátase pois que a orixe é o depósito de Bergondo. Purgan nalgún punto sen que mellore nada.

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Nas pasadas comisións, a alcaldesa confirma que temos o servizo de auga nas mans dun fontaneiro de máis de 70 anos. É esta persoa a que fai o informe? Este non está asinado só leva o membrete da empresa ilegalmente concesionaria.

Pode que este relato pareza unha broma, pero non o é en absoluto, así que pasamos de que nos digan que outros anos era por encher as piscinas e agora teñen un caso enigmático o que non lle dan solución, nin a propoñen, nin a dan a coñecer á cidadanía. E así nas redes sociais, a xente queixáse con toda a razón do mundo.

Por todo o anterior descrito, SOLICITAMOS:

Que se lle dean explicacións á veciñanza polos medios oportunos do porque das malas condicións da nosa auga de boca e as desculpas precisas polo mal servizo. Así tamén e para dar solución se busquen outras alternativas, distintas á dun fontaneiro de máis de 70 anos. Nestes momentos temos enxeñeiros dabondo no concello para que determinen a liña a seguir na procura da solución."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900002592 o día 27 de abril de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:56:49 horas**

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

"Rogamos se solicite ao Sergas que asuma os gastos que lle corresponden e se axilicen os trámites para oficializar a cesión definitiva das compentencias do centro de Saúde."

O Sr. Gonzalo Lamela contesta o rogo.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:57:12 horas**

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

"Rogamos a revisión dos espellos nas estradas municipais"

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:57:24 horas**

Lee o rogo Sr. Varela Fraguío.

"Rogamos o asfaltado do camiño que vai dende a estrada xeral ata o cemiterio de Santa María de Vigo"

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

En relación co rogo nº 1 de AV interveñen a Sra. Prieto Miramontes e o Sr. Gonzalo Lamela.

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

4.4. PREGUNTAS

***Acceso á videoacta* – 03:59:24 horas**

PREGUNTAS DE UXC PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900002590 o día 27 de abril de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:59:27 horas

Lee a pregunta a Sra. Díaz Baldomir.

"Que tempo de espera hai agora mesmo en Servizos Sociais para conseguir unha cita?"

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 04:00:05 horas

Lee a pregunta a Sra. Díaz Baldomir.

"En marzo deste ano o Colexio Oficial de Traballadores Sociais de Galicia solicitou que con carácter urxente se tomen medidas para cubrir a totalidade dos postos financiados de traballadores sociais para asegurar un cadro de persoal suficiente para ofrecer un servizo axeitado aos veciños e veciñas de Cambre. Que se fixo ata o momento para solucionar a situación?"

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 04:00:50 horas

Lee a pregunta a Sra. Díaz Baldomir.

"Pode garantir a alcaldesa que a día de hoxe calquera veciño ou veciña de Cambre ten garantida a asistencia que precise en materia de Servizos Sociais?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900002594 o día 27 de abril de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 04:01:42 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcero Quiñoy.

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

“Toda obra pública require, por lei, un contrato en vigor de coordinación de seguridade e saúde para garantir a protección dos traballadores e a legalidade do proxecto. Ante a falta deste contrato no Concello de Cambre, que é unha peza administrativa fundamental, preguntamos: Cal é a situación actual da devandita licitación e como están a solucionar a falta deste contrato?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 04:02:12 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcero Quiñoy

“Recentemente fíxose público que a Xunta de Galicia vai proceder á modificación e traslado da parada de autobús na zona da Costa da Tapia como parte das obras de acougado de tráfico. Con todo, este concello ten aprobado e consignado no Plan de Obras e Servizos (POS) 2024 un proxecto que xa contempla precisamente o cambio e adecuación desa mesma parada de bus.

Entendendo que ambos os proxectos actúan sobre o mesmo punto exacto: Como vai interferir exactamente a obra da Xunta no que o Concello xa tiña proxectado e aprobado no POS 2024?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 04:03:09 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“Como non nos contestan á pregunta formulada en varias ocasións de que prazas están ocupadas actualmente por funcionarios en activo e traballando, imos cambiar a pregunta e a darlle nós o dato que obtivemos, sabendo que igual non é exacto, pero ante a falta de seriedade no seu compromiso de facilitarnos o dato, este é o que manexamos.

Cal é o plan de xestión real e estrutural que ten este Goberno para cubrir as case 50 vacantes que manteñen máis ou menos ao 45% do persoal fóra de servizo, máis aló de anuncios de prensa sobre contratacións temporais vía subvención que non solucionan a falta de técnicos, nin as baixas por IT, nin as xubilacións sen substitución que están a colapsar o concello?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes, o Sr. Vázquez Pérez e o Sr. Carballada Rodríguez.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900002589 o día 27 de abril de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 04:07:58 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“A fraga de Cecebre está nun estado lamentable de conservación, o que fai que o nível de risco de caída de árbores sexa máximo.

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Resulta inexplicable, que os distintos gobernos non teñan tomado medidas coa propiedade, nin coa xunta de Galicia que é a titular da estrada que a atravesa. Vemos así como se lles esixe aos propietarios de fincas sen limpar de broza, pero parece que a familia Echevarría propietarios da finca teñen bula para os distintos gobernos.

Abonda pasar pola dita estrada para ver a inclinación que teñen alguns dos exemplares, con risco evidente que nunha caída alcancen a un vehículo coa xente dentro.

Nós dende o BNG vemos con horror como pouco ou nada importou ata o de agora os avisos e solicitudes que fixemos para evitar unha desgraza maior.

Levamos pedindo que se lles informe á propiedade da obrigatoriedade de ter a finca en condicións, tamén solicitar á Xunta de Galicia que manteñan a estrada en estado de seguridade, polo que terá que obrigar ao titular a que cumpra coa lei.

Ata o momento non tivemos novas ao respecto. Este é un novo aviso, pero tamén unha pregunta sobre o grao de responsabilidade que teñen os señores do goberno do PP, diante dun posible accidente, que leve consigo mesmo perdas humanas. Van consentír vostedes iso? Tan pouco lles importa a vida e a seguridade das persoas?

Non saben que é a súa obriga velar pola seguridade, cumprindo coas súas obrigas legais, que implica mesmo abrir un expendente a un propietario que obra con total desleixo do propio?

Dígannos: cales son as medidas que dende a nosa última proposta fixeron? Posto que recoñeceron que fixeron unha xuntanza con eles, pero nada máis!"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. alcaldesa.

2ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 04:12:38 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

"No momento da redacción desta pregunta, é luns 27 e son as 20:30 da tarde no mes de abril.

A semana pasada o concelleiro de Deportes ante da miña preocupación polas colonias felinas de Cambre, atendidas por voluntarias, sen que o concello faga nada, este diante da miña petición de poder acudir o saber que se ían xuntar mañá martes día 28, quedou en avisarme, tanto a min, como a outros grupos políticos para estar presente.

Nada se recibiu, a palabra do Sr. concelleiro queda de novo en entredito.

Fixeron vostedes esa xuntanza?

En que se plasmou esta cara a garantir a atención das colonias felinas, asinouse o manido convenio? Cando estas son responsabilidade única da administración local."

O Sr. Gonzalo Lamela contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes e o Sr. Gonzalo Lamela.

3ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 04:15:10 horas**

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Lee a pregunta a Sra. Louro López.

“Cales son as medidas adoptadas para que nos diferentes actos e festivais conten cun punto violeta? Lembrar que nos últimos non existiu ou cando se fixo foi totalmente inusual e fóra de toda norma.”

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta. Intervén a Sra. Louro López

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900002592 o día 27 de abril de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 04:16:47 horas

Lee a pregunta o Sr. Castro Uzal.

“Cal foi o gasto total que supuxo para as arcas municipais o mantemento e xestión do centro de sáude de Cambre o pasado 2025?”

O Sr. Gonzalo Lamela contesta a pregunta.

2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 04:17:22 horas

Lee a pregunta o Sr. Castro Uzal.

“Cal é a previsión da campaña de roza desta tempada?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 04:17:34 horas

Lee a pregunta o Sr. Castro Uzal.

“Hai uns días, recibimos nas nosas vivendas un panfleto da Deputación da Coruña, sobre os investimentos e achegas feitas dende o 2017 a 2024, dos máis de 20 proxectos aprobados, cantos foron executados?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas e trinta e sete minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo

CVD: rxZ+BpnXGnLRSIJqs4Gt Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/